

ANOTACIÓNS SOBRE A COORDINACIÓN MEDIEVAL GALEGO-PORTUGUESA DENDE A PRAXE TRADUCTORA: O CASO DA “DEMANDA DO SANTO GRAAL”

Xosé Xabier Ron Fernández

Centro de investigacións lingüísticas e literarias “Ramón Piñeiro”

1. INTRODUCCIÓN

Dende hai uns anos a nosa formación investigadora levounos a estudar e a ler con curiosidade filolóxica a lírica trobadoresca galego-portuguesa. Paralelamente, foron xurdindo ocasións en que eran outros os aspectos da nosa literatura medieval os que nos atraían. Coas nosas lecturas e investigacións démonos conta da profunda lagoa que sufría, pola falta de atención dos estudiosos, o vehículo comunicativo desa literatura: a lingua. É certo que hai bastantes referencias no que se refire ó estudio do léxico, pero son necesarias análises sobre o desenvolvemento das estruturas sintácticas e morfolóxicas, desde o período relativamente unitario nomeado galego-portugués ata o de diferenciación plena con respecto á lingua portuguesa.

Por iso, hoxe, ós 25 anos da creación do *Instituto da Lingua Galega*, queremos participar nesta conmemoración profundando nun tema que, ata o de agora, non contou coa debida atención: a coordinación medieval galego-portuguesa. De feito, a realidade é que nin sequera o sistema coordinativo do galego actual está a ser estudado¹.

A nosa intención é, por suposto, ofrecer aquí tan só unhas anotacións xa que unha análise exhaustiva do tema superaría en moito o espazo do que dispoñemos. Por outra banda, afastarémonos dos procedementos presentes nas diferentes gramáticas, tanto nas históricas coma nas actuais, que se limitan, as máis das veces, a unha simple enumeración das di-

¹ Este dato pódese comprobar no *Repertorio Bibliográfico da lingüística galega*, editado polo *Centro de investigacións lingüísticas e literarias “Ramón Piñeiro”*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995, e confeccionado por M. T. Araújo García, I. Diz Gamallo, M^a T. Monteagudo Cabaleiro e P. Vázquez Grandas, baixo a dirección de Francisco García Gondar. Por indicación da súa autora, Marta Dacosta Alonso, soubemos da existencia dunha memoria de licenciatura presentada no ano 1992 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela co título *A coordinación no galego medieval* e que foi dirixida por Ramón Lorenzo.

ferentes conxuncións de coordinación perdendo de vista a realidade textual. Por iso, coa pretensión de ir máis lonxe, tentaremos abordar o tema desde a propia práctica literaria. En concreto, partimos dun texto moi peculiar da nosa literatura e que aínda é fonte de controversia e discusión: a *Demanda do Santo Graal*. A escolla deste texto non é casual, senón que nos permitirá elaborar unhas pequenas reflexións sobre aspectos que non están de todo esclarecidos nin delimitados, e que servirán de marco contextualizador do núcleo da nosa comunicación.

2. RECEPCIÓN E DIFUSIÓN DA MATERIA DE BRETAÑA NA PENÍNSULA IBÉRICA

2.1. Orixes e evolución

A pesar de que hai certos estudiosos (Foerster, Faral...) que defenden unha orixe continental da Materia de Bretaña, o certo é que hai indicios que permiten falar dunha tradición oral da lenda en terras gaélicas, que logo se recolleu en relatos (*Lais, Mabinogion*) tal como *Kuhlwch et Olwen*, de finais do século XI, case cincuenta anos antes que a *Historia Regum Britanniae* de Galfridus Monemutensis (= Geoffroi de Monmouth), composta ó redor de 1135 (Marx, 1967, pp. 94-95 e pp. 103-107). Este relato, glorificación fantástica do pasado céltico insular centrada na persoa do rei Arturo, caracterízase polo seu estilo claramente historiográfico e sobrio, e alcanzou un enorme éxito tal como o demostran os máis de douscentos manuscritos que se conservan².

En 1155, na corte de Henrique II e de Leonor de Aquitania, un clérigo de nome Wace realiza a primeira tradución da *Historia* de Geoffroi a unha lingua vulgar, o *Roman de Brut*, extenso poema de 15300 versos octosílabos. O autor engade material da súa propia colleita, por exemplo, a Táboa Redonda como lugar de reunión do rei Arturo e os seus cabaleiros; sen embargo, isto non impide que a tradución sexa bastante fiel³. A súa difusión fixo que influíra no *Tristan* de Thomas e no *Erec* de Chrétien (García Gual, 1988, pp. 138-139). Non falaremos aquí de Chrétien, activo entre 1160 e 1190, de sobras coñecido pola importancia que tivo a súa obra no desenvolvemento e consolidación da Materia de Bretaña, xa que isto esixiría afastarnos en exceso dos obxectivos trazados⁴. Da súa produción quedarémonos con *Perceval le Gallois* ou le *Conte du Graal*, que é o derradeiro *roman* de Chrétien e que quedou inconcluso (no verso 9234) pola morte do autor. Nel

² Cf. García Gual, 1988, pp. 125-132, para as características do relato de Geoffroi e para as referencias literarias sobre Arturo anteriores á obra de Geoffroi. En datas recentes publicouse unha reflexión de conxunto sobre a importancia do texto de Geoffroi no seu tempo, vid. Santiago Gutiérrez (2002).

³ Véxase Bezzola, 1967, pp. 150-167, para o que se refire á relación entre o *Roman de Brut* de Wace e o seu modelo, a *Historia* de Geoffroi de Monmouth.

⁴ Véxase Bezzola, 1967, pp. 306-311, pp. 385-398, para os inicios da actividade literaria de Chrétien, previsiblemente na corte de Henrique II e para a súa presenza na corte de Champaña, respectivamente. Consúltese ademais García Gual (1988, pp. 175-226) para unha visión de conxunto da produción literaria de Chrétien de Troyes.

xorde por primeira vez o tema do Graal, que é “apresentado como um objecto maravilhoso de origem desconhecida guardado pelo rei mutilado de um reino estéril” (Nunes, 1995, p. 7). O carácter inacabado da obra impide que Perceval, o protagonista, logre o seu propósito de encontrar o Graal, que aparece configurado coma un símbolo pagán. Será Robert de Boron quen lle dea, entre os anos 1191 e 1212, unha explicación cristiá ó símbolo do Graal, ligando a historia de José de Arimateia ó mundo artúrico. O seu proxecto inicial sería o de realizar unha triloxía nomeada *Li livres dou Graal*. Dela só quedaron o primeiro libro, *Le Roman de L' Estoire dou Graal* o *Joseph d' Arimathie*, e 502 versos do segundo, *Merlin*, conservados nun manuscrito tardío do século XIII, París, B. N., fr. 20047 (García Gual, 1988, p. 228); o terceiro libro, *Perceval*, é coñecido polas versións en prosa, e nel nárrese a fin das aventuras do Graal (Nunes, 1995, p. 7).

Ó mesmo tempo que escribía Chrétien, ían xurdir tres relatos que se caracterizan por desenvolver a coñecida lenda de Tristán e Iseo. Son o poema de Beroul (activo entre 1150 e 1195; quedaron 4500 versos), o poema de Thomas (activo entre 1155 e 1185; 3150 versos), escritos en dialectos da lingua *d'oïl*, e o de Eilhart von Oberg (¿1170?), escrito en alemán e que se conservou na súa integridade (García Gual, 1988, pp. 151-152; Ruíz Capellán, 1985, pp. 9-10)⁵.

2.2. As prosificacións da Materia de Bretaña: a Vulgata, o Tristan en Prosa e a Post-Vulgata

A boa acollida que as cortes señoriais dispensaban ós *romans* de Chrétien e de Robert de Boron e á lenda de Tristan e Iseo motivou o nacemento das grandes prosificacións das aventuras dos cabaleiros da Táboa Redonda. Procurábanse as innovacións mesturando episodios pertencentes a diferentes *romans*. Así, a primeira grande prosificación, e a máis importante, é a nomeada *Vulgata* ou *Lancelot-Graal*. Entre 1215 e 1235 viron a luz os seus cinco libros: 1. *Estoire del Saint Graal* (versión moi amplificada do *Joseph* de Robert de Boron); 2. *Estoire del Merlin* (versión do Merlin de Robert de Boron cun acrecento posterior, a *Continuation du Merlin*); 3. *Lancelot du lac* (versión do *Chevalier de la Charrette* de Chrétien de Troyes e da historia de *Agravain*); 4. *Queste del Saint Graal*⁶; 5. *Mort Artu* (que conta a descuberta dos amores de Lancelot e a raíña Xenebra, e a decadencia do reino de Arturo), sen que esta orde presupón unha secuencia cronolóxica –máis ben é narrativa–, xa que o 1º e o 2º son posteriores e son como unha introducción explicativa dos outros tres libros⁷. Mentres, máis ou menos nas mesma datas que a *Vul-*

⁵ Remitimos ó lector a Bezzola, 1967, pp. 291-302, onde se dan as explicacións sobre a posibilidade de que o *Tristan* de Thomas se elaborara na corte de Henrique II e de Leonor de Aquitania.

⁶ Da *Queste* da Vulgata, falsamente atribuída a Gautier Map, consérvanse máis de corenta manuscritos, que van do século XIII ó XV, e case nunca aparece soa, senón integrada con outros relatos artúricos, xa que “la *Queste* a été manifestement conçue et écrite en relation avec le *Lancelot*” (Baumgartner, 1981, p. 21). Sobre a *Queste* pódense consultar os traballos de Baumgartner (1981 e 1994) e de Pauphilet (1980), que se dedican a estudar aspectos varios da obra (temas, o significado da obra, os procedementos narrativos, etc.).

⁷ Cf. Nunes, 1995, pp. 8-9.

gata, como afirma Irene Freire Nunes (1995, p. 9), “do romance de *Tristan*, igualmente do século XII, vão surgir versións en prosa que vão constituir un ciclo paralelo em que a historia de Tristán se combina com a de Lancelot, com a de Artur e com o tema do Graal”⁸. Esta sería a primeira versión do *Tristan en prose*, logo elaborariáse outra en 1250, e no medio tería lugar a segunda gran prosificación das aventuras de Lancelot, a nomeada *Post-Vulgata*, tamén chamada Pseudo-Boron, por serlle atribuída a obra a Robert de Boron. Estrúctúrase en tres libros: 1. *Estoire del Saint Graal* (“non parece diferir significativamente da da *Vulgata*”⁹); 2. *Merlin* (“versión en prosa do *Merlin* de Robert de Boron, seguida de uma adaptación da *Continuation* da *Vulgata* à qual se acrescenta uma série de aventuras conhecida por *Suite du Merlin*”¹⁰); 3. *Queste del Saint Graal*. A *Post-Vulgata* non se conservou unitaria en ningún manuscrito, pero o seu deseño orixinal está a ser recuperado polos excelentes traballos de Fanny Bogdanow (1966 e 1991).

2.3. A Materia de Bretaña na Península Ibérica¹¹

2.3.1. As primeiras referencias

Dende moi cedo encontramos na Península Ibérica ecos da Materia de Bretaña. Ecos que circulan pola vía da oralidade e que, neste caso, son anteriores mesmo á *Historia Regum Britanniae* de Geoffroi de Monmouth. Isto é o que acontece nun fuste historiado da Porta Francigena da Catedral de Santiago de Compostela, onde se pode ver ilustrado –de ser certa a hipótese de Serafín Moralejo (1993)– un episodio da lenda de Tristán, ferido, nunha barca á deriva, despois do seu combate co xigante Morholt, coa punta da espada escachada. Se deixamos de lado o rexistro “audio-visual” deste fuste, as primeiras referencias literarias témolas en trobadores cataláns coma Guerau de Cabrera ou Guilhem de Berguedà, contemporáneos practicamente do texto ó que aluden. Máis interesantes son, se cabe, as referencias á batalla de Camlann contidas no *Fuero General* de Navarra de 1196 e nos primeiros *Anales* de Toledo de 1217¹². Isto motivou que estudiosos como Baist, Pietsch e Entwistle pensaran que os textos artúricos foron primeiro escritos en castelán ou leonés e despois traducidos ó galego-portugués¹³. Ademais, se salientamos que Afonso VIII de Castela casou con Leonor, filla de Henrique II e de Leonor de Aquitania, en 1170, e que sabemos, gracias ó completo estudio de Bezzola (1967), que a corte do rei de Inglaterra foi o lugar de actividade de Wace, de Thomas e

⁸ É necesaria a consulta de Pickford, 1960, pp. 36-59, onde se fala do *Tristan de Leonnois* contido no ms. 112 da Biblioteca nacional de París, un dos máis completos no que se refire á transmisión das novelas artúricas.

⁹ Nunes, 1995, p. 9.

¹⁰ Nunes, 1995, pp. 9-10.

¹¹ Sobre unha visión de conxunto da materia de Bretaña e a súa presenza nas literaturas galega e portuguesa, véxase o recente libro de Gutiérrez / Lorenzo Gradín (2001).

¹² Alvar, 1993, p. 33.

¹³ Cf. Lapa, 1981, p. 242.

de Chrétien, parecería lóxico supoñer que, efectivamente, o rei de Castela foi a chave introductora da Materia de Bretaña. Sen embargo, este dato pode moi ben non ser suficiente para as teses dos estudiosos anteriormente citados. En primeiro lugar, estamos perante unhas breves referencias, e en segundo lugar, as primeiras traducións coñecidas son bastante posteriores ó reinado de Afonso VIII.

No que se refire á literatura galego-portuguesa, as referencias máis antigas hainas que situar baixo o reinado de Afonso III de Portugal. Así, no eido da lírica, sete trobadores (Martin Soarez, Johan Garcia de Guilhade, Gonçal' Eanes do Vinhal, Afonso X (en 4 cantigas), Don Denis, Estevan da Guarda e Fernand' Esquio) fan referencia nas súas composicións a situacións ou personaxes emparentados coa literatura artúrica¹⁴. Así mesmo, no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, hai cinco “lais de Bretanha” atribuídos a Tristan e que, dende o clásico estudio de Carolina Michaëlis de Vasconcelos (1904, pp. 479-520), practicamente ninguén se dedicou a estudar como se merecen¹⁵. No eido da literatura nobiliar, o profesor Paredes Núñez (1993, pp. 233-237) sinalou o aproveitamento que fai o *Livro de Linhagens do Conde don Pedro*, no seu capítulo II, da *Historia* de Geoffroi de Monmouth. Polo tanto, son bastantes as referencias á Materia de Bretaña na nosa literatura medieval. Este feito permítenos abordar a problemática das primeiras traducións peninsulares das grandes prosificacións francesas.

2.3.2. As primeiras traducións

Parece ser que é o ciclo da *Post-Vulgata* o primeiro en verterse a unha lingua romance peninsular. O problema que sempre dividiu á crítica era saber cal era esa lingua, se a galego-portuguesa ou a castelá. Por suposto, non entraremos aquí nesa problemática, xa que pensamos que Ivo Castro (1983) aportou suficientes argumentos, que de paso reforzaron os pensamentos de Lapa (1931), como para non dubidar da anterioridade do texto que diremos galego-portugués, e non portugués¹⁶.

A penetración do ciclo da *Post-Vulgata* na nosa literatura é debida, con moita probabilidade, á estadia do rei portugués Afonso III, durante case vinte anos en Francia, na corte de Branca de Castela, filla de Afonso VIII de Castela e de Leonor de Inglaterra. Como afirma Ivo Castro (1983, p. 84) sería inverosímil que este rei residira tanto tempo en Francia “sem ter lido, ou ouvido ler, ou ouvido falar, dos romances arturianos, quer na versão da Vulgata, quer na versão da Post-Vulgata, para mais tendo esta o carácter de novidade literaria...”. Polo tanto, Afonso III puido traer un exemplar da *Post-Vulgata* no momento do seu retorno. O feito de estar escrito nunha lingua estraña motivaría a súa translación ó galego-portugués para facelo accesible a un público (cortés) desexoso de coñecer as (novas) aventuras dos cabaleiros da Táboa Redonda.

¹⁴ Véxase Alvar, 1993, onde o autor estudia as referencias dentro do seu contexto con respecto á literatura artúrica.

¹⁵ Contamos con algunhas achegas iniciais en Ron (1999) e Gutiérrez / Lorenzo Gradín, 2001, pp. 95-109.

¹⁶ Consúltese o recente artigo de Rodríguez (1993-94), onde establece cales son as liñas esenciais para delimitar os textos que se poden considerar escritos nunha koiné galego-portuguesa.

O autor da translación, baseándose nun manuscrito bastante próximo do orixinal, pero que xa presentaba diverxencias significativas, sería un tal Joan Vivas (e non Juan Vivas, como se di en Gómez Redondo, 1994, p. 110 e p. 135), mencionado tres veces nos manuscritos¹⁷, que é posible identificar cun frade da orde de Santiago, con bens na rexión de Lisboa e membro dunha familia ligada ó mosteiro de Chelas, e que viviu durante o reinado de Afonso III.

Hoxe en día, da triloxía da *Post-Vulgata* conservamos, na nosa literatura¹⁸, o primeiro libro e o terceiro: o *Livro de José de Arimateia*¹⁹—que en francés leva o nome de *Estoire del Saint Graal*—, e a *Demanda do Santo Graal*. Do segundo libro, o *Merlin*, non hai moito, Amadeu-J. Soberanas encontrou en Cataluña dous fragmentos²⁰. No que se refire ás outras dúas grandes prosificacións, a *Vulgata*²¹ e o *Tristan de Leonnois*, a nosa literatura non conserva lembranzas deles, a non ser os dous folios de pergamiño dun *Livro de Tristan* galego-portugués, que foron descubertos e editados por primeira vez por Serrano y Sanz en 1928²².

2.3.3. A Demanda do Santo Graal

Deteñámonos, polo tanto, no texto que constituíu o corpus da nosa análise, a *Demanda do Santo Graal*²³. Conservouse tan só no ms. 2594 da Biblioteca Nacional de Viena, que é unha copia do século XV, pero no que é visible a presenza de riscos lingüísticos que permiten falar dun orixinal da segunda metade do século XIII-inicios do XIV²⁴. A *Demanda* é unha tradución do terceiro libro do ciclo da *Post-Vulgata* que, como xa dixemos, está baseado nas dúas últimas partes da *Vulgata*, a *Queste del Saint Graal* e a *Mort Artu*. O texto orixe da *Demanda* non é doado de establecer polo feito de que a *Post-Vulgata* non se conservou unitaria en ningún manuscrito. Dende hai trinta anos Fanny Bogdanow (1966 e 1991) vén traballando con afán para establecer a estrutura orixinaria do texto francés²⁵. Tivo que recorrer ós mss. 112 e 343 da Biblioteca nacional

¹⁷ Cf. Castro, 1983, pp. 91-94.

¹⁸ Sobre os materiais da *Vulgata* e da *Post-Vulgata* na literatura castelá medieval, véxase Gómez Redondo, 1994, pp. 115-125.

¹⁹ Editado por primeira vez por H. Carter en 1967; I. Castro, en 1984, presentou unha nova edición como de tese de doutoramento.

²⁰ Soberanas, 1979, pp. 174-193; Castro, 1993, pp. 456-458.

²¹ Remitimos ó lector curioso ó artigo de Martines, 1995, onde fala da versión catalana da *Queste* da *Vulgata*, que “és el manuscrit més extens i sense intervencions alienes (editors, caixistes, curadors) que s’en conserva a les literatures hispàniques” (p. 241).

²² Uns decenios máis tarde, Pensado y Tomé (1962) realizou unha nova edición crítica dos dous folios. Para unha visión de conxunto sobre a *Materia de Bretaña* e a súa tradición manuscrita, véxase Castro, 1993, pp. 445-450.

²³ Para a confección do traballo manexamos a edición de Nunes (1995), moito mellor que a de Magne (1944) que se deixara levar por prexuízos de tipo relixioso nalgunha das súas lecturas (Cf. Lapa, 1982).

²⁴ Para unha opinión distinta, véxase Rossi, 1979.

²⁵ Véxase tamén Pickford, 1960, pp. 94-109.

de París, a moitísimos fragmentos dispersos²⁶ e ás propias *Demandas* galego-portuguesa e castelá, xa que estas, en certos casos, son as únicas fontes para apreciar como sería o texto orixe. Esta circunstancia permite a hipótese de que a tradución se efectuara sobre unha segunda versión da *Post-Vulgata*. A presenza da Besta Ladrador perseguida por Palamedes e da biografía de Erec permiten apoiar esta hipótese. De feito, do *Erec en prose* hai catro testemuños, dous deles franceses, o ms. 112 da Biblioteca Nacional de París (transmite o *roman* completo) e o ms. 12599 (só transmite os cinco primeiros capítulos do *roman*) do mesmo fondo, e dous deles peninsulares, son as *Demandas* galego-portuguesa e castelá, que transmitiron os cinco derradeiros capítulos e que narrran a morte do protagonista, Erec (os VI-X da edición de Pickford, 1959)²⁷.

Estes cinco capítulos son a base do noso traballo, que na *Demanda do Santo Graal* ocupan os parágrafos 281-356 (pp. 224-266 da edición de Nunes, 1995) e neles foi onde estudiamos como o tradutor da *Queste* reflicte o seu coñecemento do sistema de coordinación medieval francés e cales son as súas opcións no texto de chegada que está confeccionando.

2.3.3.1. O traductor e a súa tradución²⁸

Os estudos sobre a tradución e os tradutores están medrando en cantidade e calidade; sen embargo, como sinala Buridant (1983, p. 81), a pesar da proliferación de monografías, de revistas, de congresos, moitas veces auspiciados pola creación de carreiras universitarias dedicadas á tradución, aínda está por nacer unha historia da tradución medieval²⁹. A situación é moito máis grave se a aplicamos ó campo da nosa literatura³⁰. Habería que insistir máis nas cuestións capitais que orixina calquera tradución: ¿Quen traduce? ¿Para quen se traduce? ¿Por que se traduce? ¿Como se traduce? xa que, ata o de agora, seméllanos que se lle prestou moita máis atención á cuestión de que obras se traducen³¹.

²⁶ Unha mostra destes fragmentos encontrámola en Bogdanow, 1991, e en Castro, 1993, p. 203.

²⁷ O lector poderá atopar un resumo do *Roman de Erec* en Pickford, 1959, pp. 17-24.

²⁸ Consúltese o excelente libro de Folena (1991), onde o lector experimentará unha “semantica del tradurre, con la storia dei termini che nella tradizione occidentale indicano questa operazione universale”.

²⁹ Existen pequenas aproximacións interesantes coma a de Morreale (1959). Tamén son de salientar as antoloxías editadas por Vega, 1994, López García, 1996, onde o lector atopará traducidas as reflexións dos principais teóricos da actividade tradutora, dende Cicerón ata Gianfranco Folena, pasando por unha morea de autores capitais tanto no desenvolvemento teórico coma práctico da ciencia da translación.

³⁰ Por exemplo, no recente libro de Van Hoof, 1991, dedicado á historia da tradución en Occidente, non figuran nin España nin Italia, xa que “nous préférons laisser à des spécialistes mieux placés le soin de traiter de ces deux pays” (p. 5). Sen embargo, a pesar de que non exista esa obra monográfica, é posible salientar o crecente interese que espertan as traducións medievais na Península Ibérica. Pero téndese a crear un desequilibrio xa que, como denuncia Santoyo (1995), pesa un duro silencio sobre o século XIV, que apenas está a ser estudado.

³¹ No interesante artigo de Noia Campos (1995) encóntranse os primeiros intentos para establecer unha historia da tradución en Galicia, pero é necesario profundar máis nas cuestións referidas, non só na propia especificidade da nosa cultura, senón nas súas profundas relacións coa cultura europea. Con este difícil propósito naceu o recente traballo de Fernández Ocampo (2002) quen se encarga non só de insistir sobre a necesidade de romper as fronteiras epistémicas que limitan as tradicionais carreiras universitarias, senón que anuncia unhas novas vías para abordar o estudio da “textualidade” galega (e medieval).

Existen sobre o texto da *Demanda do Santo Graal* algunhas aproximacións de interese no que se refire ás características e á calidade da traducción³², pero é necesario ir máis aló da simple enumeración de marcas ou rexistros nos que o traductor se distancia do texto orixe. Sen prescindir deste tipo de traballos que nomearemos formais, para nós é máis urxente procurar establecer as causas que se esconden debaixo de cada unha das “modificacións”, “transgresións”, ou “manipulacións” practicadas polo traductor³³.

Unha das obrigas –teórica, polo menos– de todo traductor reside na súa capacidade para comprender non só os procedementos lingüísticos da lingua orixe, senón tamén ser capaz de dominar o transfondo cultural do país da lingua da que se traduce. Neste caso, o traductor da *Queste Post-Vulgata* (Joan Vivas) tería, ou se lle presupón, un bo coñecemento do *francien*. A maneira en que o traductor accedeu a ese coñecemento é toda unha incógnita, pero de seguro que está vencellada á presenza de Afonso III, durante case vinte anos, nas cortes francesas. Unha das novidades da súa traducción é que o texto orixe é outra lingua vulgar, e non unha traducción do latín. As razóns desta translación non as coñecemos debido á ausencia de prólogo explicativo, pero podemos supoñer que obedece non só ó interese dun público desexoso de coñecer as aventuras dos cabaleiros do rei Arturo, senón tamén ás expectativas dunha clase social, cabaleiresca e señorial, que se ve reflectida no mundo artúrico. Este feito correspóndese moi ben coa presenza da *Materia de Bretaña* no *Livro de Linhagens do Conde don Pedro*. No fondo da cuestión está o propio concepto de prestixio e poder do mecenas (¿Afonso III?) que encargou a traducción.

No que se refire ás características da traducción do noso texto enfrontámonos a un problema de base: a *Demanda*, tal como chegou a nós, reflicte un estadio lingüístico do século XV. Estamos perante unha traducción intralingual, isto é, unha interpretación de signos lingüísticos por medio doutros signos lingüísticos dunha mesma lingua³⁴. Polo tanto, o texto da *Demanda* é froito de dous procesos ben diferenciados dentro das técnicas da traducción. En primeiro lugar, acometeuse unha traducción interlingual (franciano – galego-portugués) e, despois, quizais porque o texto sufría un deterioro, os copistas renovaron o texto por medio dunha traducción intralingual. Sen embargo, debaixo desa renovación aínda están visibles os procedementos do seu primeiro traductor³⁵. É nesta dirección que valoraremos os nosos resultados: ver se a nosa análise da traducción do sistema coordinativo do texto orixe (*Queste Post-Vulgata*) permite captar o estado da primeira traducción, a interlingual, ou se, pola contra, a renovación do século XV impide captar a súa dimensión.

³² Cf. Lapa, 1931, e García-Sabell Tormo, 1993.

³³ Neste sentido, agardamos que a comunicación do noso compañeiro Agustín Vilariño Martínez axude na tarefa de ver en que e porque a traducción da *Demanda* se afasta do suposto orixinal; consúltese Vidal Claramonte, 1995, sobre o concepto de traducción en tanto que manipulación.

³⁴ Cf. Buridant, 1983, p. 87. A análise de Lapa, 1931, p. 148, opera neste sentido cando di que “dans tous les cas, les erreurs de la version portugaise sont dues à une lecture fautive d’ un texte portugais antérieur”.

³⁵ Cf. Lapa, 1931.

É frecuente ler que a coordinación é unha relación que une elementos do mesmo nivel, pero manténdose independentes entre si gramaticalmente, ou, mellor dito, sintacticamente. En palabras de Serra Alegre (1988, p. 4): “los gramáticos suelen coincidir en la equiparación del concepto de coordinación al de equivalencia, es decir, en que los elementos coordinados han de mantener entre ellos relaciones de igualdad”³⁶.

A coordinación, construción paratáctica, opónse á subordinación que é hipotáctica, onde os elementos manteñen entre si unha relación de dependencia gramatical. Sen embargo, esta delimitación non é tan clara³⁷, xa que a diferenza entre coordinación e subordinación “no está tanto en la naturaleza de las conjunciones empleadas en cada caso, como en el grado en que la subordinada se haya incorporado a la principal hasta convertirse en elemento sintáctico de ésta”³⁸. Polo tanto, é necesario establecer as condicións que permiten falar de coordinación no seo dunha estrutura sintáctica. Jiménez Juliá (1987, p. 310), que parte de Dik, fala de catro condicións: 1. Unión de dous ou máis membros; 2. función sintáctica idéntica; 3. mesmo rango xerárquico; 4. presenza dun nexo³⁹.

Este nexa recibe o nome de conxunción, da que encontramos a definición xa na Antigüidade clásica. Así, nos estoicos, os verdadeiros creadores da gramática, a conxunción aparece xa como unha das partes da oración. Sen embargo, é na escola alexandrina, representada por Dionisio de Tracia, onde encontraremos a primeira síntese gramatical (*Tecné Grammatiké*). Unha das súas achegas fundamentais era segmentar a oración en oito partes⁴⁰: *ónoma* (nome); *rhema* (verbo); *metoché* (participio); *arthron* (artigo); *antonymia* (pronome); *próthesis* (preposición); *epirrHEMA* (adverbio) e *syndesmos* (conxunción). Para Dionisio a conxunción (*syndesmos*) era a parte da oración que serve para manter unido o discurso e axuda na súa interpretación⁴¹. O modelo alexandrino será adaptado por Roma, onde será decisiva para a historia dos estudos gramaticais a obra de Donato e Prisciano. Tanto na *Ars Minor* coma na *Ars Maior* de Donato temos a seguinte estruturación *de partibus orationis*: 1. *de nomine*; 2. *de pronomine*; 3. *de verbo*; 4. *de adverbio*; *de participio*; *de coniunctione*; *de praepositione*; *de interiectione*. Nela a conxunción aparece defi-

³⁶ O problema xurdiría no momento de precisar que é o que se entende por equivalencia. Serra Alegre (1988) expón nos seus tres primeiros capítulos todas as condicións decisivas na configuración da coordinación, centrándose na copulativa, coincidindo coas de Jiménez Juliá, se ben engade a de contigüidade, isto é, a linealidade do discurso.

³⁷ Véxase Real Academia Española (1991, p. 505).

³⁸ Gili Gaya, 1991, p. 272.

³⁹ Este último factor non sempre é necesario xa que a coordinación (e tamén a subordinación) pode establecerse sen a forzosa presenza dun nexa, é o procedemento da xustaposición. Sen embargo, neste traballo prescindiremos deste procedemento xa que nos baseamos na presenza e non na ausencia de conxunción.

⁴⁰ Esta clasificación pasará á lingua latina, sen embargo, o latín ó non ter artigo, introduciu a interxección como unha clase de palabra máis.

⁴¹ Robins (1987, p. 44).

nida como a *pars orationis adnectens ordinansque sententiam*⁴². No século VI, Prisciano dá unha nova definición da conxunción: *Proprium est coniunctionis diversa nomina vel quas-cumque dictiones casuales vel diversa verba adverbialia coniungere e que est pars orationis indeclinabilis, coniunctiva aliarum partibus orationis, quibus consignificat, vim vel ordinationem demonstrans*⁴³.

Estas dúas artes gramaticais circularán durante todo o Medievo. A de Donato gozou dun extraordinario éxito debido non ás súas innovacións teóricas, senón ó seu método fundamentalmente didáctico e pedagóxico. Sufriu a concorrència de Prisciano a partir do século VI, pero vaise manter no sistema educativo medieval do *trivium*⁴⁴ ata o século XI, momento no que se imponen as reflexións da *Institutiones Grammaticae* de Prisciano, sobre todo as contidas nos dous últimos libros, que se dedican á sintaxe e que gozaron de importantes glosas no século XII a prol de Guillaume de Conches e Pierre Hélie.

É neste preciso contexto cultural onde hai que situar a formación do traductor da *Queste*⁴⁵. Nos séculos XIII-XIV comezan a prosperar as disciplinas universitarias e, no que se refire ós estudos gramaticais, a raíz do coñecemento das doutrinas aristotélicas, proliferaron as gramáticas especulativas dos *modistae*, que dotaron de pensamento filosófico ás partes da oración latina⁴⁶.

⁴² Véxase Holtz (1981, pp. 599-600).

⁴³ Robins (1987, p. 73, n. 49).

⁴⁴ Véxanse Holtz (1981), sobre a difusión de Donato na tradición gramatical e no ensino; e Curtius (1989, pp. 63-89) para unha panorámica rápida do sistema educativo medieval, á que se lle ten que engadir o libro de Riché (1962) dedicado á educación no occidente bárbaro durante os séculos VI-VIII.

⁴⁵ Por suposto, as doutrinas gramaticais destinábanse ó ensino da lingua latina, pero non é de menosprezar que “l'accès des débutants à la langue latine se faisait par l'intermédiaire du vernaculaire” (Merrilees, 1990, pp. 20-21). Polo tanto, podemos supoñer que o ensino da gramática latina permitía, nunha clara situación de bilingüismo, reflexións sobre o que acontecía nas linguas vulgares que comezan, paseniño, a saír do espacio da oralidade para fixar o seu discurso nos escritos literarios. Lembremos as acertadas palabras de M. Selig (1993, p. 14): “Écrire en langue vernaculaire sera pour longtemps un acte qui devra se situer par rapport à une pratique dominante, celle d'écrire en latin”. Se podemos situar o noso texto no eixo cronolóxico que vai dende mediados do século XIII ata os inicios do XIV, sen contar coa renovación do século XV, veremos que escribir en prosa galego-portuguesa é algo novidoso: o verso lírico trobadoresco impúñase nas cortes con suma facilidade. Polo tanto, as estruturas lingüísticas da prosa non están fixadas. Insístese, quizais en exceso, en que a prosa literaria é unha lingua artificial que non nos serve para establecer a historia das estruturas lingüísticas. Bustos Tovar (1993, p. 248), en datas recentes, afirmaba, sobre o castelán antigo, que “dans un texte littéraire, on ne trouve pas la description d'un “état de langue”, mais d'une langue “idéale”, qui de toute évidence, a un statut différent de celui de la langue réelle. C'est ainsi qu'on arrive à une annulation totale ou partielle de la valeur de témoignage que cette langue littéraire possède pour l'histoire linguistique; son caractère de langue “artificielle” la rendrait incapable de refléter la situation “réelle” de la langue”. En afirmacións coma estas está a causa de que a nosa prosa non dispoña de estudos serios; unha das direccións é a realización de estudos contrastivos co que acontece na linguaxe dos documentos que, para algúns, é case a única fonte onde se pode captar a lingua “real”. Ademais, a afirmación dunha lingua literaria “artificial” é un tanto superflua, xa que o texto literario, en calquera das súas épocas e manifestacións, caracterízase por unha certa rixidez que a afasta da lingua “real” “falada”. Sen embargo, este feito non é impedimento para que hoxe en día se considere coma modelo de castelán ben escrito aquel que empregaron os escritores clásicos. Sempre foi así. Polo tanto, é hora de que lle concedamos á prosa literaria o papel que xoga na constitución da nosa lingua, sobre todo no que se refire ás estruturas sintácticas. Por outro lado, ¿é posible aplicar o cualificativo de “artificial” a algo que non está creado, que non ten modelos nos que basearse, e que tenta, ó crearse, buscar unha dignidade de lingua literaria?

⁴⁶ Remitimos ó lector ó detallado estudio de Beuchot (1981).

As definicións establecidas nas gramáticas da Antigüidade son as que se adoptaron nas primeiras gramáticas das linguas románicas e son, na súa esencia, as que podemos atopar nas gramáticas actuais⁴⁷. Nelas, salíéntanse da conxunción a súa invariabilidade e a profunda dependencia que se dá entre a súa presenza e o tipo de relación que se establece. É neste factor onde reside un dos principais defectos que lle encontramos as gramáticas de tipo tradicional: consideran a conxunción sempre dentro do campo da morfoloxía, e só se contentan con dar un listado dos diferentes tipos, sen interrogarse sobre o seu funcionamento no enunciado lingüístico⁴⁸. Este tipo de gramáticas pecan dunha presentación “formal” ou “nocional”.

A conxunción semantiza a construción sintáctica; por iso, o seu estudio só ten fundamento no marco da sintaxe, aínda que o punto de partida sexa o da morfoloxía. Por iso, o nexo coordinativo será o noso punto de partida para delimitar como se desenvolven as estruturas coordinadas do francés medieval na súa translación ó galego-portugués (¿ou portugués?).

A presenza do nexo é esencial, xa que é, en palabras de Jiménez Juliá, 1987, p. 328: “en primer lugar, el único indicador de la existencia de una relación coordinativa entre los elementos de una construcción y, en segundo, el único indicador del valor semántico relacional concreto de la construcción”.

Precisamente, o criterio semántico vaise converter no eixo estruturador, e tamén en fonte de polémica e dialéctica. Por moito que se insiste en que a coordinación é unha construción sintáctica, e que é no interior da propia construción onde hai que encontrar e delimitar as súas marcas definitivas, o certo é que o criterio semántico é o que focaliza as orientacións dos teóricos. Nel apóianse para establecer os diversos valores tanto coordinativos coma subordinativos. O problema é establecer a fronteira entre os primeiros e os segundos.

Se collemos como punto de partida as gramáticas deste século, encontraremos unha interesante diverxencia á hora de establecer cales son as estruturas coordinadas e cales as subordinadas.

M. Seco, 1989, considera que hai cinco tipos de estruturas coordinadas en función do nexo: as copulativas, as disxuntivas, as adversativas, as causais e as consecutivas; a mesma clasificación figura en R. Seco, 1990, e en Alcina Franch / Blecua, 1991, pp. 839-842 e 1157-1186; outra postura témola en Gili Gaya, 1991, que opta por considerar como coordinativas só as copulativas, as disxuntivas e as adversativas; no Esbozo da Real Academia Española, 1991, e en Alarcos Llorach, 1994, encontrámonos tamén con esta tripartición da coordinación. Fronte á dobre postura que manteñen os “gramáticos” –permítasenos a expresión–, os “lingüistas” tamén amosan a mesma vacilación, por non dicir confusión. Unha vacilación que nace da propia semantización que sofre a secuencia lingüística.

⁴⁷ Véxase Alcina Franch / Blecua, 1975, p. 839; R. Seco, 1990, p. 127; Alarcos Llorach, 1994, pp. 227-228.

⁴⁸ Hai que facer mención de Alcina Franch / Blecua, 1975, pp. 1157-1186, por ser unha das gramáticas máis detalladas no que concirne ó comportamento da conxunción dentro da oración.

Así, Jiménez Juliá, 1987, p. 311, considera como “estructuras coordinadas las tradicionalmente denominadas “copulativas” y “disyuntivas”, excluyendo por consiguiente, todas aquellas que, como las adversativas, e incluso las causales, habían sido integradas entre las coordinadas por razones más conectadas con el tipo de nexos que con el comportamiento sintáctico”. Sen dúbida, nesta clasificación encóntrase a influencia de Rojo, 1978, para quen as adversativas son catalogables coma unha relación sintáctica de interdependencia expresada por unha estrutura bipolar (como as condicionais, concesivas e consecutivas). É a mesma influencia que detectamos en Rodríguez Sousa, 1979, que, despois de analizar os criterios de Ana María Echaide, Báez / Moreno e García Berrio, partidarios de incluír as adversativas dentro da coordinación, chega á conclusión de que non hai motivos para inserir a construción adversativa como coordinación xa que todo favorece a súa condición de construción bipolar.

En certo sentido, a afirmación de Jiménez Juliá pode resultar contradictoria con respecto ó que afirma noutro punto, cando manifesta a importancia que ten o nexo coordinativo na configuración do tipo de relación. Noutro momento, este lingüista afirma que “frente a la estructura coordinada, donde cada miembro no hace más que aportar un valor semántico-relacional idéntico al de los otros miembros, en las adversativas cada uno de los (dos) elementos funcionales tiene valor específico distinto y adquirido a través de su solidaridad con el otro miembro del grupo” (Jiménez Juliá, 1984, p. 224). Para este investigador (p. 224), a unión entre as copulativas e as adversativas reside en que a copulativa é unha asociación neutra que “no añade ningún matiz externo a la propia asociación; las construcciones adversativas, en cambio, explicitan el hecho de que la asociación es realizada mediante una contraposición de valores”. ¿Non son estas palabras o establecemento dun criterio semántico para diferenciar as copulativas das adversativas? Pero, ademais, ¿como se manifesta esa solidariedade? ¿con que medios se indica? ¿que factores permiten establecer que o primeiro membro dunha construción adversativa apela ou demanda unha solidariedade con respecto a un segundo? ¿Cal é o papel xogado nesa solidariedade polo nexo?

Para outros estudiosos, as teses de Rojo, 1978, e Jiménez Juliá, 1984 e 1987, son discutibles, xustamente por considerar que as adversativas non forman parte das estruturas coordinativas e por basearse, segundo estes mesmos estudiosos, en criterios semánticos para explicar un comportamento sintáctico, xa que dunha conexión semántica non se pode deducir con carácter de necesidade unha conexión sintáctica (Álvarez Martínez, 1987, pp. 135-138).

Como queira que a resolución desta cuestión non é nada doada⁴⁹, e que a adversatividade require dunha análise moito máis profunda e exhaustiva da que lle poderíamos dedicar nesta comunicación, consideraremos como construcións coordinativas as tradicionalmente chamadas copulativas e disxuntivas.

⁴⁹ Como mostra desta confusión temos a solución presentada pola *Gramática Galega* de Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1994, pp. 527-529, que desglosan a adversatividade galega en estruturas coordinadas e interordinadas. Solución esta que non nos semella acertada porque, aparte de non establecer claramente os límites entre os dous tipos de estruturas, supón deixar o camiño libre á vontade interpretativa de cadaquén.

O noso propósito é partir da conxunción –tamén nomeada nexo ou conector–, para acceder ó seu comportamento nas estruturas sintácticas; noutras palabras, efectuaremos un percorrido dende a morfoloxía ata a sintaxe, pero ese percorrido será sincrónico. Sincrónico porque estudiaremos só un momento da historia da lingua galega: o período medieval.

5. AS CONXUNCIÓNS COPULATIVAS

Coseriu, 1968, p. 40, defíneas como partículas que sinalan “una adición de términos generalmente equivalente, en los varios niveles de estructuración sintagmática”. A adición segundo este investigador pode ser de dous tipos en función do valor dado á estrutura: positiva e negativa.

5.1. A copulación positiva

Na lingua latina as estruturas coordinadas por copulación positiva realizábanse, sobre todo, gracias a catro conxuncións: *et*, *ac*, *atque* e *-que*⁵⁰. Estas formas caracterizábanse por ter certas connotacións específicas: *et* representaba a simple adición; *ac* / *atque* a adición + unidade ou gradación; *-que* a adición + unidade + equivalencia⁵¹.

Nas linguas románicas só sobrevive *et*, agás en romanés como se verá máis adiante. Sen embargo, en Italia, sinala Meyer-Lübke, 1974, p. 615, *atque* conservouse “sous la forme *a*”. A principal razón da imposición de *et* sobre as demais conxuncións é que o seu emprego era moito máis xenérico e adaptable ós contextos máis variados.

1. Unha ollada permite ver que a conxunción copulativa máis empregada é a derivada da latina *et*: *et* (pronunciada /e/) en francés antigo, sen que notemos a típica vacilación entre a grafía etimolóxica *et*, que é a que pervive hoxe en día no francés, e a grafía *e*; *e* en galego-portugués.

2. Sen embargo, no que se refire ó francés antigo, hai outro nexo que rivaliza con *et*. Falamos do adverbio *si* (do latín *sic*). Meyer-Lübke, 1974, p. 613, explica o seu emprego da seguinte maneira: “Puisque des propositions copulées par *si* peuvent sans changement dans leur signification, l’être aussi par *et si*, cela revient à dire que *si* peut adopter la signification de *et*”.

Vexamos algúns exemplos:

a –“Et celle vient maintenant a la teste, *si* la prent, et dit” (cap. VI, p. 151).

–“E ela foi logo aa cabeza *e* filhou-a e disse” (cap. 296, p. 234).

b –“et monte après ce que Eret fut montés; *si* se partent de leans” (cap. VI, pp. 153-154).

–“e sobiu em seu cavalo, depois que Erec sobiu no seu, *e* parti-se do castelo” (cap. 298, p. 235).

⁵⁰ En realidade son tres xa que *ac* e *atque* representan unha mesma forma: “el empleo de *ac*, *atque* viene dado por el entorno fonético, *ac* aparece sólo ante consonante y *atque* ante vocal y *h*” (Coseriu, 1968, p. 41). Outras conxuncións son *quoque*, *etiam* e as correlativas como *et... et*, *cum... cum*, *modo... modo*, etc.

⁵¹ Coseriu, 1968; cf. Jiménez Juliá, 1984, p. 214.

- c –“*si met la main a l’espee, et s’appareille de moustrer la greigneur prouesse*” (cap. VII, p. 160).
 –“*e meteu mão a espada e guisou-se de se amostrar polo millhor*” (cap. 307, p. 240).
 d –“*et si vous dy je que ses maistres estoient de Romme*” (cap. IX, p. 172).
 –“*E digo-vos que seus meestres eram de Roma*” (cap. 319, p. 246).

Polo tanto, o francés antigo podía escoller entre tres nexos para coordinar elementos gramaticais: *et*, *et si* e *si*; e no que se refire ós dous últimos o traductor sabía moi ben do seu valor coordinativo xa que as traduce sempre por *e*. Aínda que non se aprecian diferencias entre a coordinación efectuada con *et* e a efectuada con *si*, ás veces é posible vencellar *si* coa súa primitiva significación en tanto que “*si attire l’attention sur la manière dont s’accomplit une action et qui est indiquée par quelque chose qui a précédée ou quelque chose qui suit*” (Meyer-Lübke, 1974, p. 613):

- a –“*Lors laisse le corps gisant a terre tout ainsi com il estoit devant, et vient a son cheval, si monte au plus tost qu’il peut*” (cap. X, p. 190).

A combinación *et si* foi frecuente ata o século XVI, momento no que desaparece da lingua francesa. Non acontece así no romanés que, desta mesma combinación, en vez de escoller o primeiro elemento optou polo segundo como conxunción copulativa. O feito de que un adverbio adquira un valor coordinativo non nos debe sorprenden, xa que a fronteira entre adverbios e conxuncións no francés antigo, e xa no propio latín, especialmente en época tardía, non é clara⁵².

3. Da análise efectuada salientaremos os seguintes aspectos:

a) A conxunción *et / e* domina de tal modo o discurso que este se converte nunha suma de accións continua. De feito non hai case ningunha oración ou cláusula que non conteña unha ou máis conxuncións deste tipo. Estamos diante dun estilo que se aproxima ó polisindético, moi próximo do rexistro épico. Pode ser unha marca reveladora da oralidade latente nestas primeiras novelas e que é posta en relación coa linguaxe de tipo popular polos estudiosos⁵³. O certo é que a propia natureza estilística destes relatos apela á numerosa presenza da coordinación copulativa. Non esquezamos que en moitas ocasións o discurso narrativo non é máis ca unha enumeración de accións desenvolta por un mesmo suxeito. O relato artúrico vai focalizando alternativamente a forza dos acontecementos nos principais cabaleiros do rei Arturo. Case sempre estamos diante dunha perspectiva horizontal: o narrador conta, ou mellor dito describe con detalle enumerativo todo o que fai o heroe en cuestión. O que estamos a dicir pódese contrastar coa menor presenza da conxunción *et / e* nos diálogos:

- a –“*Et cil fut sailliz avant, (...), si josterent ensemble, et fut ainsi avenu que messire Gauvain l’abbatit a celle joust, et le navra a mort. Cilz de la feste saillirent avant,*

⁵² Moignet, 1984, p. 287.

⁵³ Stempel, 1961, pp. 236-237.

et demanderent a monseigneur Gauvain qui il estoit, *et* comment il avoit nom; *et* il leur descouvrit son estre” (p. 164).

–“*e* pediu-lhe justa. *E* o cavaleiro, (...), justou com el, *e* foi assi que o derribou Galvam *e* que o chagou a morte. Os da festa veerom a el *e* preguntarom-lhi quem era; *e* el se nomeou” (cap. 311, p. 242).

b –“*si* met erranment pié a terre, *et* laisse son cheval aler quel part qu’il veult après ce qu’il ly ot osté le frain, puis oste son heaume, *et* abat sa ventaille, *et* s’assist delés la fontaine, *et* regarde l’eaue qui a merveilles estoit belle *et* clere; *si* pense qu’il demourra illec, *et* s’i reposera...” (p. 170).

–“*E* tolheu o freo ao cavalo *e* leixou-o pacer *e*, disi, tolheu o elmo *e* a avantalha *e* assentou-se cabo da fonte *e* catou a água que era mui fremosa *e* mui clara, *e* pensou que folgaria ali...” (p. 245).

É moi frecuente o seu emprego cando introduce un *verbum dicendi*:

a –“*et* leur crie” (p. 144).

–“*e* deu-lhis vozes” (cap. 289, p. 229).

b –“*et* luy dist” (cap. VI, p. 156).

–“*e* disse-lhi” (cap. 302, p. 237).

c –“*si* li dit” (cap. VIII, p. 167).

–“*e* disse-lhe” (cap. 315, p. 244).

Como xa dixemos, a conxunción *et* / *e* inicia en moitísimas ocasións a secuencia lingüística; en non poucos casos é habitual que acompañe a unha conxunción / adverbio de tipo subordinativo, convértese case nunha partícula expletiva tal como reflicte, ás veces, o texto da *Demanda*, aínda que o máis normal é que figure tamén traducida:

a –“Et Meraugis occist l’autre frere, *et* quant le tiers voit ceste chose, (...)” (p. 144).

–“E Meraugis er matou o outro. Quando o terceiro esto viu (...)” (cap. 289, p. 229).

b –“Et quant il entent ceste parole, il en est si esbaïs que tout le cueur li fault” (p. 147).

–“Quando el esto ouviu, foi tam espantado que lhe faleceu o coração” (cap. 293, p. 232).

c –“Et lors haulce l’ espee *et* tourne d’ autre part son vis” (p. 151).

–“Entom ergeu a espada *e* tornou o rostro a outra parte” (cap. 296, p. 234).

Exemplos deste tipo, onde a conxunción do texto orixe non se traduce, repítense nos cinco capítulos que analizamos. Isto responde ó estilo máis arcaico do texto orixe con respecto á súa tradución, pero non podemos deixar de mencionar a posibilidade de que a renovación do século XV, a tradución intralingual, supuxera unha redución das oracións introducidas por *et* / *e* cando esta acompañaba a unha conxunción ou a un adverbio.

b). Ata o de agora vimos o emprego de *et* / *e* como nexos oracionais. Vexamos agora algúns exemplos nos que coordina sintagmas dentro da cláusula:

a –“Il fut vray que Lac *et* Dirat furent freres d’un pere *et* d’une mere” (cap. VI, p. 140).

–“Verdade foi que rei Lac *e* Dirac foram irmãos de padre *e* de madre” (cap. 285, p. 227).

- b –“terre grant *et* riche avoit conquise” (cap. VI, p. 140).
 –“gram terra *e* rica havia conquista” (cap. 285, p. 227).
- c –“il en est tant doulent *et* tant honteux qu’il ne scet qu’il doye dire” (cap. VIII, p. 165).
 –“houve tam gram pesar *e* tam gram vergonça que se non soube dar a conselho”
 (cap. 313, pp. 242-243).

Por norma a translación soe ser correcta; sen embargo, ás veces, o traductor opta por reducir estes sintagmas coordinados. A redución afecta ó termo menos xenérico ou menos importante segundo o concepto do traductor:

- a –“*pour Dieu et par cortoisie* souffrés que je aille aveques vous” (cap. VI, p. 137).
 –“e rogo-vos *por Deus* que me leixedes ir com vosco” (cap. 281, p. 225).
- b –“Et messire Gauvain, qui estoit *fres et reposés*” (cap. X, p. 192).
 –“E Galvam, que estava *folgado*” (cap. 343, p. 258).
- c –“(…) qu’il ot parlé a Eret et a Meraugis que *l’accord et la paix* fut entierement faicte” (cap. VI, p. 145).
 –“(…) que falou com Erec e com Meraugis, assi que a *paz* foi feita” (cap. 291, p. 230).

É frecuente o seu uso en enumeracións que suxiren unha idea de conxunto:

- a –“ung pain d’orge assés noir, *et* assez dur, *et* assés malaisiés a mengier” (cap. VI, p. 158).
 –“uu pam de orjo mui negro *e* mui duro *e* mui mau pera comê-lo” (cap. 304, p. 238).

A norma é que o traductor repita a conxunción diante de cada un dos elementos coordinados, pero hai excepcións coma o texto seguinte,

- a –“Gentilz chevaliers, bons, *et* preux, *et* hardis, courtois *et* enseignés” (cap. VII, p. 159).
 –“bõõ homem, bõõ cavaleiro, bõõ de armas, bõõ de ardimento, bõõ de cortisia, ensinado, mesurado, prol, paação” (cap. 306, p. 239).

no que a presenza da conxunción do texto orixe é substituída polo procedemento estilístico da xustaposición que, en certo sentido, semella anómalo e que máis ben parece proceder da tradución intralingual practicada no século XV.

c). Ás veces, a conxunción *et* / *e* suxire un valor subordinativo:

- a –“si ne le feras tu pas, *et* si t’en prie” (cap. IX, p. 176).
 –“Nom no queres fazer em nenhuma guisa *e* rogando-te ende eu?” (cap. 325, p. 249).
- b –“occions les après leur pere, *si* ne nous viendra jamais mal par eulx” (cap. VI, p. 141).
 –“matemos-los como matámos seu padre *e* assi nom nos viirá mal por eles”
 (cap. 286, p. 227).

Esta circunstancia dáse sobre todo en estruturas coordinadas nas que os verbos das accións sinaladas por cada membro son de tempos diferentes, chegando a supoñer unha sucesión lóxica. Así, no exemplo **b** vemos como a sucesión dos acontecementos narrados teñen que ver cunha acción do presente coordinada a outra do futuro, que é unha consecuencia do dito no primeiro membro, polo que o nexo é dotado dun claro valor consecutivo.

5.2. Copulación negativa

Na lingua latina había dous medios fundamentais para expresar a copulación negativa: *et non* e *nec* (*neque*). Para Coseriu, 1968, *nec* / *neque* era o nexo máis estendido no seu uso coordinativo en prexuízo de *et non* que se limitaría unicamente a formular a nomeada coordinación negativa pura (*A non B*), onde nega un segundo termo que entra en contradicción total ou parcial co primeiro termo. Sen embargo, neste apartado tampouco hai unanimidade. Así, outros estudiosos, entre eles Rubio, 1982, pp. 366-386, manifestan unha postura contraria e afirman que *et non* era preferida en non poucos contextos a *nec* / *neque*⁵⁴. Antes de proseguir queremos facer unha aclaración. Non imos tratar dos resultados de *et non*, xa que o único que se establece é unha coordinación de valor positivo seguida dun termo negativo e, polo tanto, as súas características sintácticas son asimilables ás xa comentadas para *et* / *e*. Este aspecto, como veremos, é apoiado pola translación que fai o traductor da *Demanda* da combinación *ne ne* do texto de saída.

Vexamos, xa que logo, os nosos textos e as conclusións que permiten establecer sobre a nomeada copulación negativa en francés antigo e galego-portugués:

a). De primeiras, salientaremos que as formas que temos son froito dunha normal evolución das conxuncións latinas: *ne* no texto orixe; *nem* no texto de chegada. A forma francesa, que non se debe confundir co adverbio de negación *ne* (do latín *non*), será concorrida no século XV por *ni* que acabará imponéndose no século seguinte. No que se refire á situación do texto da *Demanda*, adquire certo relevo o feito de que non se aprecie a vacilación ortográfica que se rexistra na linguaxe documental, onde se produce unha clara diferenciación rexional no dominio do galego-portugués: o galego oscilaría entre unha forma *ne* (forma gráfica), *nin* e o portugués entre *ne*, *nen*, *nem*. O galego xeneralizaría a forma *nin* debido ó influxo do castelán e o portugués a forma *nem*⁵⁵. No texto da *Demanda*, en clara correspondencia coa forma francesa, temos *nem*. A ausencia de vacilación só vén a demostrar que o texto foi traducido por un portugués, ou que é unha das consecuencias da tradución intralingual do século XV.

b). *Ne* / *nem* emprégase, é obvio, en estruturas coordinadas nas que a relación entre os termos coordinados é negada total ou parcialmente. Se nos baseamos neste principio de diferenciación semántica, que non coordinativa, podemos delimitar dúas estruturas maioritarias:

1. Unha das estruturas máis repetidas é aquela na que coordina unha cláusula positiva a outra negativa. Nestes casos antecede de forma mediata ó adverbio negativo *ne*, resultando a combinación *ne ne* tan frecuente na lingua francesa medieval como moi ben sinala Foulet, 1930, p. 289. Vexamos algúns exemplos:

a –“et vit qu’il ploroit *ne ne* savoit de quoy” (cap. x, p. 183).

–“el viu (...) que chorava *e nom* sabia porquê” (cap. 335, p. 254).

⁵⁴ Véxase unha visión de conxunto en Jiménez Juliá, 1984, pp. 215-219.

⁵⁵ Maia, 1986, p. 877.

- b –“Souvengne vous de la Table Ronde, *ne* ne vous honnissez pour ung tel homme comme je suis” (cap. X, p. 192).
 –“Nembre-vos o juramento e a menagem da Mesa Redonda (...) *e nom* escarneçades nem confundades per uu tal homem como eu som” (cap. 342, p. 258).
- c –“Ha! Sainte Marie, Mere de pitié, secourés moy, *ne* ne me laissés encores mourir” (cap. X, p. 183).
 –“Ai, Senhora Santa Maria, madre de piedade, socorre-me *e nom* me leixes ainda morrer” (cap. 335, p. 254).

O emprego de *ne* era moi estendido no *francien*, de tal maneira que aparecía sempre que o contexto informativo da secuencia lingüística adquiría ou suxería un matiz negativo, ou mesmo dubitativo. Sen embargo, co paso do tempo, a conxunción perdeu a súa forza funcional a prol de *et*, sobre todo, pero tamén de *ou*. Obsérvase que a translación da *Demanda*, nestes casos, é sempre *e nom*, nexo que encontraríamos hoxe na tradución da construción francesa: “Ah! Sainte Marie, mère de pitié, secourez-moi *et ne* me laissez *pas* encore mourir”. Estamos, polo tanto, diante dunha diferenza esencial entre as estruturas sintácticas francesas medievais e as galego-portuguesas: o uso de *e nom*, resérvase para a coordinación de termos, un de valor positivo e outro de valor negativo, mentres que o francés aceptaba un uso xeneralizado da conxunción *ne* para calquera contexto semántico-relacional negativo.

2. Outra estrutura habitual é aquela en que a coordinación se establece entre dous termos negativos, que poden ser ben sintagmas dentro da propia cláusula, ben cláusulas. Neste caso a *Demanda* ofrece, por norma, a conxunción *nem* como correcta tradución:

2.1. Coordinación de sintagmas dentro da cláusula:

- a –“en une plaigne si gaste qu’il n’y avoit *ne* erbe *ne* arbre, *ne* flour *ne* fruit, *ne* riens dont homme peust vivre a droit” (cap. VI, p. 146).
 –“uu chão ermo em que nom havia ervas *nem* árvor *nem* flor *nem* fruto *nem* rem per que homem podesse viver” (cap. 292, p. 231).
- b –“onques ne veistes si grant duel *ne* si grant cri” (cap. VI, p. 151).
 –“nunca vistes tam gram doo *nem* tam grandes vozes” (cap. 296, p. 234).
- c –“qu’il ne povoit a soy traire *ne* pié *ne* membre *ne* plus que s’il eust perdue toute la force du corps” (cap. IX, p. 171).
 –“que nom podía tirar a si pee *nem* mão *nem* nembro que houvesse” (cap. 318, p. 246).

En cada caso os sintagmas coordinados son do mesmo tipo de unidade, e desenvolven a función de complemento de obxecto directo e, como se pode apreciar, o máis normal é que a conxunción acompañe a cada un dos termos, agás o primeiro, aínda que hai excepcións coma nos exemplos **a** e **c**, onde o texto francés presenta a conxunción *ne* diante do primeiro termo: *erbe*, *pié*; no texto da *Demanda* reflíctese a tendencia actual e a conxunción non se emprega.

2.2. Coordinación de oracións ou cláusulas:

- a –“Sire, nenil, car je ne voy nulz escloz de cheval, *ne* je ne sçay quant il se departri de moy” (cap. VII, p. 162).

- “Non disse el, que nom vejo sê rastro *nem* ar sei quando se de mim partiu” (cap. 309, p. 241).
- b –“Ilz ne s’entrecognurent pas par leurs armes qu’ils avoient changés de nouvel, *ne* jouste *ne* s’entredemanderent” (cap. VIII, p. 167).
- “Eles nom se conhecerom polas armas que tragiam cambadas, *nem* se al demandarom justa” (cap. 315, p. 244).
- c –“qu’ilz *ne* peurent actaindre Eret, *ne* homme n’encontrerent qui nouvellez leur en sceust dire” (cap. VIII, p. 168).
- “que nom acalçarom Erec *nem* acharom quem lhe dele novas desse” (cap. 316, p. 245).

Como podemos apreciar nestes tres exemplos (unha pequena mostra dos numerosos casos que hai), a conxunción *ne / nem* coordina cláusulas negativas. O máis salientable é a diferenca que se dá entre a construción francesa, que esixe, polo menos na parte que analizamos, a presenza do adverbio *ne* diante de cada un dos verbos que se negan (de feito é a única lingua románica que a reclama, Meyer-Lübke, 1974, p. 780), e a construción do texto galego-portugués, no que a presenza do adverbio *nom* só é esixida diante do verbo da primeira cláusula. Quizais, todo consista nunha simple cuestión de forza funcional: a conxunción *nem* ten a suficiente forza para negar o verbo da cláusula que lle segue, mentres que *ne* non posúe esa forza e, por iso, necesita do reforzo que lle fornece o adverbio *ne* para poder negar o verbo da cláusula. En parte, aínda que é posible atopar outras explicacións, a perda de forza funcional de *ne* ten a súa razón de ser en que o seu valor é concorrido ás veces pola conxunción disxuntiva *ou* ou polo da conxunción copulativa positiva *et*⁵⁶.

c). Outras particularidades:

* Ó igual que acontecía na copulación positiva, o traductor opta, nalgúns casos, por reducir os sintagmas coordinados a prol do termo máis xenérico e que, en certo senso, xa implica ó outro:

- a –“pour son cheval qu’il ne sentoit pas *assés fort ne assés viste*” (cap. VI, p. 158).
- “polo cavalo que nom sentia *tam arrizado*” (cap. 304, p. 238).

* Unha das notas interesantes é que *ne* se converte nunha conxunción disxuntiva cando é empregada nunha interrogativa tal como reflicte a tradución da *Demanda*⁵⁷:

- a –“Sire chevalier, veïstes vous huy *ne* arsoir ung chevalier qui porte unes armes blanches a ung lion vermeil?” (cap. VIII, p. 167).
- “Senhor cavaleiro, vistes hoje *ou* ontem uu cavaeiro que trage uas armas brancas com uu leom vermelho?” (cap. 315, p. 244).

⁵⁶ De feito, basta con ollar os casos presentados por Grevisse / Goosse, 1986, pp. 1568-1570 e pp. 1572-1573, para comprobar como o emprego da conxunción *ni* é sinalado como arcaico en bastantes casos, xa que a lingua actual prefire, en moitos dos contextos coma os que analizamos aquí, empregar a conxunción *et*. Véxanse tamén os casos xa vistos en que *ne ne* coordina un termo positivo a un negativo.

⁵⁷ Cf. Moignet, 1984, pp. 332-334.

Esta tendencia fíxose cada vez máis frecuente na lingua francesa como fan notar Grevisse / Goosse, 1986, p. 1574, ata tal punto que mesmo se emprega para coordinar elementos dentro dunha oración ou cláusula negativa. Feito este que as gramáticas severas rexeitan por incorrecto.

6. AS CONXUNCIÓNS DISXUNTIVAS

En termos relativamente sinxelos podemos dicir que a conxunción disxuntiva ofrece unha elección entre os termos coordinados. En oposición á conxunción copulativa, desune os significados, por iso recibe o nome de conxunción disociativa.

Na lingua latina os instrumentos principais para marcar a disociación eran as conxuncións *aut* e *vel*. A primeira, *aut*, expresaba a contrariedade ou disxunción exclusiva, isto é cando a realización dun dos membros exclúe a realización do outro, e *vel* a simple alternancia ou disxunción inclusiva, isto é, cando os dous membros presentan unha alternativa de tal modo que ningunha das accións sinaladas é excluída pola outra (Jiménez Juliá, 1986, p. 164). A repetición da conxunción diante de cada un dos termos coordinados considerábase como un simple recurso estilístico (Jiménez Juliá, 1986, p. 169).

Nas linguas románicas, destas conxuncións a que perviviu foi *aut*, xa que *vel* se perdeu a non ser en galego medieval, onde se empregaba en certas exclamacións ou invocacións ou como conxunción co valor de *ou* (Magne, 1944, t. III, p. 288; Maia, 1986, p. 878). Sen embargo, o romanés emprega a forma *sâu*, derivada de *seu* (outra das conxuncións latinas que expresaban a disxunción, Meyer-Lübke, 1974, p. 258), e de *aut* (Cioranescu, 1958, s.v. *sâu*).

No texto francés, correspondente ós cinco derradeiros capítulos do *Roman de Erec*, atopamos uns dez casos de construcións coordinativas con *ou*, ás que lle corresponden outros tantos no texto da *Demanda*, aínda que hai dous casos que representan unha tradución diversa, como veremos.

A disxunción non gozou aínda de visións e análises profundas sobre a súa especificidade sintáctica, ata tal punto que podemos dicir que un dos estudos máis detallados que existen sobre o tema, aínda que referido á lingua castelá, é o artigo de Jiménez Juliá, 1986. De feito, na nosa lingua, a gramática establecida só lle dedica unhas vinte liñas⁵⁸.

Vexamos, xa que logo, a partir dos exemplos, que é o que podemos dicir sobre a disxunción nos nosos textos.

a –“Et puis que Dieu m’a cy amené n’en partiray jusques je me soye vengié des desloyaulx, *ou* ilz me tueront, *ou* je les occiray” (cap. VI, p. 139).

–“E pois me Deus aquí adusse, ja mais nom me partirei atá que o vingue e, *ou* me eles matarám *ou* eu eles” (cap. 283, p. 226).

⁵⁸ Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1994, pp. 526-527.

- b –“Il n’a priere ou monde que j’en o_sse. *Ou* je avray le chief de ceste demoiselle, *ou* Eret me mentira de convenant” (cap. vi, p. 148).
 –“Toda via nom val rem, nom farei rem por vosso rogo. *Ou* eu harei a cabeza desta donzela *ou* Erec me mentirá do que prometeu” (cap. 294, p. 232).
- c –“Messire Eret, la mort ne vient pas selon la volenté du pecheur, *ou* de cellui qui la desire, mais selon l’establissement de Damedieu” (cap. vi, p. 153).
 –“Dom Erec, a morte nom vem segundo a vontade do pecador *nem* daquel que a deseja, mais assi como Deus quer” (cap. 298, p. 235).
- d –“ne sçay pas tres bien le nom de cellui qui cest cop fera, mais tant vous dy je bien que ce sera *ou* Eret, *ou* Lancelot du Lac” (cap. viii, p. 168).
 –“mais eu nom sei seu nome, mais pero sei que será Lançarot *ou* Erec” (cap. 316, p. 245).
- e –“lors se commence a pourpenser qu’il fera, s’il assaudra Eret, *ou* s’il le laissera en ce point” (cap. x, p. 190).
 –“e pensou *se* o cometeria logo *se* depois” (cap. 338, p. 255).
- f –“car pou advenoit de sepmaines qu’il n’en mourust ung *ou* deux” (cap. x, p. 201).
- g –“se o nom metesse a furto *ou* a treição e morresse por por armas” (cap. 334, p. 253).

a). Unha primeira constatación impoñe: as estruturas disxuntivas adoitan presentarse, nos dous textos, despois de cláusulas negativas ás que completan dende o punto de vista semántico.

* É máis habitual que se presente a conxunción repetida diante de cada un dos membros que se coordinan. Este feito, como dixemos, estaba vencellado na lingua latina a un mero efecto estilístico de énfase, xa que dispoñían de dúas conxuncións (*aut* e *vel*) ben delimitadas *a priori* para sinalar a disxunción exclusiva e a disxunción inclusiva respectivamente. As gramáticas, tanto as históricas como as modernas e tanto as referidas ó galego e portugués coma as francesas⁵⁹, non afondan máis neste tema e semella que aceptan que a desaparición de *vel* (agás no galego medieval), o termo máis débil funcionalmente dentro do sistema dos nexos coordinantes, supuxo a incorporación do seu valor semántico a *aut*. A diferenciación dos valores da exclusión e da inclusión delimitaríase en función do contexto. En palabras de Jiménez Juliá, 1986, p. 168, a propósito do castelán, pero que faremos extensible ó galego, “todas las descripciones de la coordinación disyuntiva tienden a presentarla como un tipo uniforme de construcción, con variantes puramente contextuales y marcada mediante el nexo *o* u otros totalmente equi-

⁵⁹ Foulet, 1930, por exemplo non dedica ningunha páxina á conxunción *ou* en francés medieval; Moignet, 1984, pp. 331-332, só di que *ou* “signifie la coordination disjonctive, celle dans laquelle un terme exclut l’autre” e que “peut précéder le premier de deux termes”, sen mencionar ningunha particularidade sobre os dous valores diferenciados; e a gramática de Grevisse / Goosse, 1986, p. 1567, non aporta moitos máis datos. No que se refire á recente gramática histórica da nosa lingua, o tema é tratado en pouco máis de cinco liñas (Ferreiro, 1995, p. 365); practicamente o mesmo acontece en Maia, 1984, p. 878, e na gramática do galego actual (Álvarez / Regueira / Monteagudo, 1994, pp. 526-527). E podemos estender estas características as gramáticas do portugués antigo que só mencionan da conxunción a súa capacidade para expresar a disxunción: Huber, 1986, pp. 268-269 e 286-288; Nunes, 1989, pp. 352-355 e Mattoso Cámara, 1985, pp. 186-188. En ningunha destas gramáticas encontramos unha pequena explicación ó problema da exclusión e inclusión.

valentes”. Como demostrou Jiménez Juliá, 1986, a repetición da conxunción diante de cada un dos termos coordinados adquire na lingua castelá un claro valor distintivo e funcional: o de sinalar a disxunción exclusiva. Polo tanto, “no puede hablarse de reducción del sistema significativo de las coordinadas disyuntivas en el paso del latín al castellano: hubo, simplemente, una reducción de partículas significantes que fue sustituida por la doble utilización de una sola partícula” (p. 172). Así, en castelán a estrutura “**A o B**” ten os dous valores, mentres que a estrutura “**o A o B**” só ten o valor da exclusión.

¿É posible diferenciar nos textos medievais que comentamos os valores da inclusión e da exclusión a través das marcas sinaladas por Jiménez Juliá?

Sen pretender ser ousados ou pecar de xeneralizar unha tendencia a partir destes cinco capítulos, diríamos que o dobre emprego da conxunción (*ou...ou...*) en estruturas como **a** e **b** instaura unha relación entre os membros coordinados de disxunción exclusiva: a realización dun dos membros impide a realización do outro⁶⁰. Sen embargo, hai un caso no texto francés que pode impedir esta consideración, ou polo menos estendela, o **d**, que non presenta unha exclusión, senón máis ben unha alternativa. Unha alternativa suscitada polo propio verbo da cláusula, “ne çay pas”: calquera dos dous, Lanzarote ou Erec, sen que o primeiro exclúa o outro, pode ser “qui cest cop fera”. A pesar das dúbidas, coidamos que a estrutura reflicte unha disxunción alternativa. Neste sentido, pode servir de apoio a tradución da *Demanda*, “Lançarot ou Erec”, onde non se repite o nexo.

Se aplicamos a repetición da conxunción ós casos de disxunción exclusiva parece claro que a disxunción inclusiva ou alternativa é expresada por “...ou...”, que, por ser o termo non marcado, pode tamén expresar a exclusión. Os textos de novo semellan concedernos a razón. Así, en estruturas como **e**, a relación expresada por “...ou...” é a de ofrecer dúas alternativas sen que ningunha presupón a exclusión da outra. A tradución que ofrece desta estrutura a *Demanda* parece coincidir con esta apreciación, xa que se emparenta coa nomeada coordinación distributiva, que é definida por algúns estudiosos como unha transición entre as construcións copulativas e as disxuntivas⁶¹. O valor de alternativa é tamén visible nos exemplos **c**, **f** e **g**. Interésanos especialmente o **c**, xa que a súa tradución por *nem* no texto de chegada repercute no dito con anterioridade sobre o valor disxuntivo que adquire a conxunción *nem* en certos contextos. Así mesmo, salientaremos a construción presente en **g**, xa que estamos diante do que se pode nomear disxunción de equivalencia: a elección ou alternativa prodúcese entre termos que son máis ou menos equivalentes semanticamente.

Polo tanto, é visible unha tendencia a empregar como disxunción de valor exclusivo o que en latín só era un recurso enfático, isto é a repetición da conxunción diante de cada un dos termos que participan da coordinación. Aínda así, é necesario realizar un estudio exhaustivo en todos os textos galego-portugueses e galegos para poder apoiar o que non constitúe máis que unha impresión ou unha hipótese.

⁶⁰ É o que Alcina Franch / Blecua, 1991, p. 1170, etiquetan de “oposición contradictoria o dilemática”.

⁶¹ R. Seco, 1990, p. 220.

Chegamos ó final dun longo percorrido interdisciplinar, no que vimos como diversas e variadas ciencias (historia, literatura, lingua, traductoloxía) servían para explicar a complicada contextualización da *Demanda do Santo Graal*. Nós, só nos baseamos nunha mínima parte da moita riqueza que se agacha nas súas liñas: a coordinación. Puidemos apreciar como a traducción responde, no que se refire a esta importante partícula relacional, a unha case perfecta adecuación e correspondencia. Dúas son as características fundamentais que opoñen o presumible texto de saída ó texto de chegada: a menor presenza da conxunción *e* no texto da *Demanda*, e que quizais responda á traducción intralingual do século XV, e a maior funcionalidade da conxunción *ne* con respecto a *nem*. Non hai significativas alteracións ou manipulacións no que se refire ó sistema coordinativo. A razón: estamos diante de dúas linguas románicas. Polo tanto, cobra unha especial importancia o tipo de discurso. O que queremos dicir é que habería que confeccionar un grande estudo comparativo da coordinación románica para cada un dos diferentes discursos literarios (poesía épica, poesía lírica, prosa histórica ou de ficción, etc.) que se orixinan a medida que se fixan as linguas románicas. Deste xeito seremos quen de valorar as diferencias entre as linguas en función do tipo de discurso, xa que non é o mesmo analizar a funcionalidade das conxuncións coordinativas na prosa e na poesía. Erro este que se comete ás veces, o que provoca xeneralizacións que non son do todo exactas.

8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alarcos Llorach, E., *Gramática de la Lengua Española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1994, pp. 227-234, 313-322.
- Alcina Franch, J. / Blecua, J. M., *Gramática Española (Sintaxis)*, Barcelona, Ariel, 1991.
- Alvar, C., “Poesía Gallego-portuguesa y Materia de Bretaña: algunas hipótesis”, *O Cantar dos Trobadores. Actas do Congreso Internacional (Santiago, 26-29 abril 1993)*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, 1993, pp. 31-51.
- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H., *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia, 1994.
- Álvarez Martínez, M. A., “Oraciones subordinadas: esbozo de clasificación”, *Verba* 14, 1987, pp. 118-148.
- Baumgartner, E., *L'Arbre et le pain. Essai sur la Queste del Saint Graal*, Paris, Société d'édition d'enseignement supérieur, 1981.
- , *De l'histoire de Troie au livre du Graal*, Orléans, Paradigme, 1994.
- Beuchot, M., *La filosofía del lenguaje en la Edad Media*, México, Universidad Nacional Autónoma, 1981.
- Bezzola, R. R., *Les origines et la formation de la littérature courtoise en occident (500-1200). Troisième partie: La Société courtoise: Littérature de cour et littérature courtoise*, Paris, Librairie Honoré Champion, 1967, t. 1.
- Bogdanow, F., *The Romance of the Grail*, New-York, Manchester University Press, 1966.
- , *La Queste-Mort Artu de la Post-Vulgate*, Paris, Picard, 1991.

- Buridant, Cl., “Translatio Medievalis. Théorie et pratique de la traduction médiévale”, *Travaux de Linguistique et de Littérature* XXI, 1, 1983, pp. 81-136.
- Bustos Tovar, J. J., “L’oralité dans les anciens textes castillans”, *Le passage à l’écrit des langues romanes* (ed. par Maria Selig, Barbara Frank et Jörg Hartman), Tübingen, Gunter Narr Verlag, 1993, pp. 247-262.
- Castro, I., “Sobre a data da introdução na Península Ibérica do ciclo arturiano da post-vulgata”, *Boletim de Filologia* XXVIII, 1983, fasc. 1-4, pp. 81-98.
- , “Demanda do Santo Graal”, *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (coord. por Giuseppe Tavani e Giulia Lanciani), Lisboa, Caminho, s.v.
- , “Materia de Bretanha”, *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (coord. por Giuseppe Tavani e Giulia Lanciani), Lisboa, Caminho, s.v.
- , “Merlim”, *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (coord. por Giuseppe Tavani e Giulia Lanciani), Lisboa, Caminho, s.v.
- Cioranescu, A., *Diccionario etimológico rumano*, Universidad de La Laguna, 1958.
- Coseriu, E., “Coordinación latina y coordinación románica”, *Actas III Congreso Español de Estudios Clásicos*, Madrid, 1968, pp. 35-57.
- Curtius, E. R., *Literatura Europea y Edad Media Latina*, México / Madrid / Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica, 1989, t. 1.
- Fernández Ocampo, A., *A esperanza bretona*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 2002.
- Ferreiro, M., *Gramática Histórica Galega*, Santiago, Laivento, 1995.
- Folena, G., *Volgarizzare e tradurre*, Torino, Einaudi, 1991.
- Foulet, L., *Petite syntaxe de l’ancien français*, Paris, Champion, 1930.
- García Gondar, F. (dir.), *Repertorio Bibliográfico da lingüística galega*, Santiago, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, 1995.
- García Gual, C., *Primeras novelas europeas*, Madrid, Istmo, col. Fundamentos 98, 1988.
- García-Sabell Tormo, T., “Sobre a traducción de textos literarios franceses na Edade Media: o capítulo 6 de Erec”, *Literatura Medieval. Actas IV Congreso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 outubro 1991)*, Lisboa, Cosmos, 1993, pp. 315-324.
- Gili Gaya, S., *Curso Superior de sintaxis española*, Barcelona, Bibliograf, 1991, pp. 275-284.
- Gómez Redondo, F., *La prosa del siglo XIV*, Madrid, Júcar, col. Historia de la Literatura Española, 1994.
- Grevisse, M. / Goosse, A., *Le bon usage*, Paris / Gembloux, Duculot, 1986.
- Gutiérrez García, S., *Orixes da Materia de Bretaña. A Historia Regum Britannie e o pensamento europeo do século XII*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002.
- Gutiérrez García, S. / Lorenzo Gradín, P., *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 2001.
- Holtz, L., *Donat et la tradition de l’enseignement grammatical*, Paris, Centre National de Recherche Scientifique, 1981.
- Huber, J., *Gramática do português antigo*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian, 1986.
- Jiménez Juliá, T., “La llamada coordinación negativa en español”, in *Verba* 11, 1984, pp. 213-243.
- , “Disyunción exclusiva e inclusiva en español”, *Verba* 13, 1986, pp. 163-179.
- , “La construcción coordinativa en español”, *Verba* 14, 1987, pp. 271-345.
- Lapa, M. Rodrigues, “La Demanda do Santo Graal. Priorité du texte portugais par rapport au texte castillan”, *Bulletin des Études Portugaises* 1, 1931, pp. 137-160.
- , *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, Coimbra editora, 1981, pp. 239-291.
- , “Auguste Magne, A Demanda do Santo Graal”, *Miscelânea de Língua e Literatura Portuguesa Medieval*, Coimbra, 1982, pp. 355-363.

- López García, D., *Teorías de la traducción (Antología de textos)*, Cuenca, Universidad de Castilla-La Mancha, 1996.
- Magne, A., *A Demanda do Santo Graal*, Rio de Janeiro, Instituto Nacional do Livro, 1944.
- Maia, Clarinda de Azevedo, *Historia do galego-português*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação científica, 1986.
- Martines, V., “La versió catalana de la Queste del Saint Graal i l’original francès”, *Medievo y Literatura. Actas v Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada, 27 setembro-1 outubro 1993)*, Universidad de Granada, 1995, t. III, pp. 241-252.
- Marx, J., *Les littératures celtiques*, Paris, Presses Universitaires de France, 1967.
- Mattoso Câmara, J., *História e Estrutura da língua portuguesa*, Rio de Janeiro, Padrão-Livraria Editora Ltda., 1985.
- Meyer-Lübke, W., *Grammaire des langues romanes*, Genève / Marseille, Slatkine Reprints / Laffitte Reprints, 1974, t. III (Syntaxe).
- Moignet, G., *Grammaire de l’ancien français*, Paris, Klincksieck, 1984.
- Moralejo, S., “Fuste historiado con leyenda épica (Tristán?)”, *Santiago, Camino de Europa. Culto y cultura en la peregrinación a Compostela (Catálogo da exposición)*, Xunta de Galicia, 1993, ficha 91, pp. 382-384.
- Morreale, M., “Apuntes para la historia de la traducción en la Edad Media”, *Revista de Literatura* XV, nº 29-30, 1959, pp. 3-10.
- Noia Campos, M. C., “Historia da traducción en Galicia no marco da cultura europea”, *Viceversa* 1, 1995, pp. 13-62.
- Nunes, Irene Freire, *A Demanda do Santo Graal*, Imprensa Nacional / Casa da Moeda, 1995.
- Nunes, J. J., *Compêndio de Gramática Histórica Portuguesa*, Clássica Editora, 1989.
- Paredes Núñez, J., “La materia de Bretaña en la Literatura Peninsular (La Literatura Genealógica)”, *Literatura Medieval. Actas IV Congresso da Associação Hispánica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 outubro 1991)*, Lisboa, Cosmos, 1993, pp. 233-237.
- Pauphilet, A., *Études sur la Queste del Saint Graal*, Paris, Librairie Honoré Champion, 1980.
- Pensado y Tomé, J. L., *Fragmento de un “Livro de Tristan” galaico-português*, Santiago de Compostela, Cuadernos de Estudios Gallegos (Anejo XIV), 1967.
- Pickford, C. E., *Erec, Roman arthurien en prose*, Genève / Paris, Librairie Droz / Librairie Minard, 1959.
- , *L’évolution du roman arthurien en prose*, Paris, A. G. Nizet, 1960.
- Real Academia Española, *Esbozo de una nueva gramática de la lengua española*, Madrid, Espasa-Calpe, 1991, pp. 505-513.
- Riché, P., *Éducation et culture dans l’occident barbare VI^e-VIII^e siècles*, Paris, Seuil, 1962.
- Robins, R. H., *Breve historia de la lingüística*, Madrid, Paraninfo, 1987.
- Rodríguez, J. L., “O problema dos límites entre as literaturas galega e portuguesa na época medieval”, *Cadernos de Estudios Galegos* XLI, 1993-1994, pp. 491-502.
- Rodríguez Sousa, M. E., “La adversatividad en español”, *Verba* 6, 1979, pp. 235-312.
- Rojo, G., *Cláusulas y oraciones*, Santiago de Compostela, *Verba* (anejo 14), 1978.
- Ron Fernández, X. X., “Entre traducción e intertextualidad: reflexiones sobre los *Lais de Bretonha* gallego-portugueses” en Juan Paredes / Eva Muñoz Raya (eds.), *Traducir la Edad Media. La traducción de la literatura medieval románica*, Granada, Universidad de Granada, 1999, pp. 423-449.
- Rossi, L., *A Literatura Novelística na Idade Média Portuguesa*, Biblioteca Breve (vol. 38), Venda Nova-Amadora, Instituto de Cultura Portuguesa, 1979, pp. 15-59.
- Rubio, L., *Introducción a la sintaxis estructural del latín*, Barcelona, Ariel, 1982.
- Ruíz Capellán, R., *Tristán e Iseo*, Madrid, Cátedra, 1985.

- Santoyo, J. C., "El siglo XIV: traducciones y reflexiones sobre la traducción", *La traducción en España siglos XIV-XVI* (ed. por Roxana Recio), León, Secretariado de Publicaciones de la Universidad de León, pp. 17-34.
- Seco, M., *Gramática Esencial del español*, Madrid, Espasa-Calpe, 1989, pp. 143-150.
- Seco, R., *Manual de Gramática Española*, Madrid, Aguilar, 1990, pp. 215-223.
- Selig, M., "Le passage à l'écrit des langues romanes -état de la question", *Le passage à l'écrit des langues romanes* (ed. par Maria Selig, Barbara Frank et Jörg Hartman), Tübingen, Gunter Narr Verlag, 1993, pp. 9-29.
- Serra Alegre, E. N., *La coordinación copulativa con y: condiciones de coordinabilidad*, Valencia, Universitat, 1988.
- Soberanas, A. J., "La version galaico-portugaise de la Suite du Merlin", *Vox Romanica* 38, 1979, pp. 174-193.
- Van Hoof, H., *Histoire de la traduction en occident*, Paris / Louvain la Neuve, Duculot, 1991.
- Vasconcelos, Carolina Michaëlis de, *Cancioneiro da Ajuda*, Halle a. S., Max Niemeyer, 1904, vol. II (investigações bibliographicas, biographicas e historico-litterarias).
- Vega, M. A. (ed.), *Textos clásicos de teoría de la traducción*, Madrid, Cátedra, 1994.
- Vidal Claramonte, M. C. A., *Traducción, manipulación, desconstrucción*, Biblioteca Filológica, Salamanca, Colegio de Salamanca, 1995.